

IV XORNADA

# O CLÚSTER ALIMENTARIO DE GALICIA E OS RETOS ESTRATÉXICOS DO SECTOR: I+D+i E SUSTENTABILIDADE

14 de febreiro de 2020

Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA).  
Campus de Elviña. Universidade da Coruña

[FORMULARIO DE INSCRICIÓN](#)

O sector alimentario é un dos sectores estratéxicos en Galicia tanto pola súa dimensión, como pola súa transcendencia económica e social. Neste ámbito, o **Clúster Alimentario de Galicia** artella nunha estrutura organizada do sector alimentario galego, en senso amplo, integrando ás empresas, así como ás entidades de investigación e innovación e outras organizacións, en procesos de cooperación que permitan obter beneficios derivados da aplicación de accións e proxectos colaborativos, cos seguintes **obxectivos estratéxicos**:

O1. Desenvolver a cultura da innovación e favorecer a difusión e aplicación do coñecemento.

O2. Impulsar a creación de valor, a través de novos produtos e/ou procesos e a seguridade e calidade.

O3. Mellorar a produtividade e sustentabilidade e avanzar cara á fábrica do futuro.

O4. Reforzar o posicionamento nos mercados e adaptación ás tendencias do consumo.

Con este obxectivo constitúese a **Comisión de innovación e I+D** co obxectivo de acadar maior intercambio e interacción entre empresas, centros tecnolóxicos e universidades, consolidando así grupos de traballo arredor de temáticas relevantes para o sector alimentario:

1. Innovación en alimentos e ingredientes innovadores, seguros e saudables adaptados ás tendencias de consumo.
2. Novos modelos de produción e comercialización. Innovación en procesos e tecnoloxías. Dixitalización e bioeconomía.
3. Loxística e distribución. *Packaging* innovador sustentable e adaptado ás tendencias de consumo.

En paralelo a **Comisión de sustentabilidade e economía circular** ten como obxectivo o reforzamento das cuestións relacionadas coa sustentabilidade ambiental, cunha mención especial á bioeconomía e á economía circular, incluíndo medidas e liñas concretas de actuación. En particular en tres ámbitos:

1. Organización de actividades de información e formación para os socios do clúster nas diversas cuestións relacionadas coa sustentabilidade ambiental e a economía circular.
2. Apoio á posta en marcha de proxectos colaborativos destinados á mellora da sustentabilidade ambiental e a adaptación a unha Economía Circular.
3. Divulgación de boas prácticas dos socios do clúster nestes ámbitos.

# PROGRAMA

14 de febreiro de 2020

Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA). Campus de Elviña

**09.30 h** **Recepción de asistentes e café de benvida**

**10.00 h** **Benvida institucional**

Julio E. Abalde | Reitor da Universidade da Coruña (UDC)

Salvador Naya | Vicerreitor de Política Científica, Investigación y Transferencia da UDC

Sergio Martínez | Presidente da Comisión de Innovación e I+D do Clúster Alimentario de Galicia (Clusaga)

Patricia Argerey | Directora da Axencia Galega de Innovación (GAIN)

**10.15 h** **Presentación da xornada**

Jaime Rodríguez | Director do CICA

Susana Ladra | Directora do Campus Innova

Andrés Faiña | Catedrático Jean Monnet de Economía Industrial Europea da UDC

**10.30 h** **Presentación do Clúster Alimentario de Galicia: comisión e grupos de traballo**

Roberto Alonso | Xerente do Clusaga

**10.50 h** **Presentación dos retos da Comisión de Innovación e I+D do Clusaga**

Iago Candal | Xerente de Diseño e Innovación DS Smith Iberia

Julián Hernández | Xerente do departamento de Marketing Vegalsa-Eroski

**11.10 h** **Presentacións das liñas de investigación da Universidade da Coruña**


Manuel Bustabad | Responsable de Transferencia Tecnolóxica e Innovación do CITIC

Julia Fernández | Responsable da área Estratexia, I+D+i e Promoción do CICA

Grupos de investigación da Universidade da Coruña relevantes para o sector alimentario

**12.00 h** **Discusión, preguntas e comentarios**

**12.30 h** **Petisco *networking***



# O CLÚSTER ALIMENTARIO DE GALICIA E OS RETOS ESTRATÉXICOS DO SECTOR: I+D+i E SUSTENTABILIDADE

14 de febreiro de 2020

Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA).  
Campus de Elviña. Universidade da Coruña  
Universidade da Coruña

**FORMULARIO DE  
INSCRIPCIÓN**